**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E COMUNITARIA DA REDE MUNICIPAL DE CENTROS SOCIOCULTURAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO**

**CLÁUSULAS**

## 1. OBXECTO DO CONTRATO

1.1. É obxecto deste prego a contratación do servizo de dinamización sociocultural e comunitaria da Rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

1.2. Para poder optar á adxudicación do contrato, as empresas licitadoras terán que presentar a concurso un PROGRAMA MARCO DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E COMUNITARIA que implica a redacción de catro documentos:

a) Plan de acción da Rede de Centros Socioculturais de Santiago

b) Proxecto de centro para cada un dos equipamentos incluídos nas tipoloxías CSC-1, CSC-2, LSC-1 e LSC-2 da Rede de Centros Socioculturais de Santiago

c) Proxecto marco de Dinamización Sociocultural e Comunitaria da Rede de Centros Socioculturais de Santiago

1.3. O Programa Marco de Dinamización Sociocultural e Comunitaria da Rede de Centros Socioculturais de Santiago terá que elaborarse de acordo coas liñas programáticas que se expresan na Cláusula 3 e terá que ser de carácter operativo, viábel na súa execución e axeitado aos recursos e á capacidade de xestión da empresa licitadora e estará expresamente pensado para responder aos obxectivos que a Rede de Centros Socioculturais se formula actualmente, á planificación e execución de proxectos e programas e aos servizos que ofrecen e/ou acollen. Así mesmo, contemplará tamén a súa revisión constante para adaptarse aos cambios que se produzan na contorna e aos posíbeis novos intereses da cidadanía de Compostela.

1.4. O Programa Marco de Dinamización Sociocultural e Comunitaria renovarase anualmente en función da avaliación dos seus resultados.

1.5. A empresa adxudicataria executará en todas as súas fases (programación, produción, execución, avaliación, coordinación, comunicación…) os diversos proxectos que configuren o citado Programa Marco e efectuará todas as xestións e

actuacións necesarias para garantir a plena prestación dos servizos fixados e favorecer o correcto desenvolvemento dos programas e actividades de acordo co modelo de xestión directa e/ou compartida co movemento asociativo que caracteriza a Rede de Centros Socioculturais.

## 2. IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA MARCO

2.1. O Programa Marco de Dinamización Sociocultural e Comunitaria é o documento que contempla e describe a nivel de obxectivos, metodoloxía, organización, coordinación, avaliación dos diferentes proxectos (citados no punto 1.3 da cláusula 1) a promover pola Rede de Centros Socioculturais de acordo coas necesidades específicas da cidadanía e dirixidos a todos os grupos e sectores da poboación de Compostela, incidindo primordialmente nos territorios de influencia de cada un dos Centros Socioculturais definido no Anexo II, facéndoo a partir dos espazos e recursos propios existentes en cada Centro así como dos achegados pola empresa adxudicataria e procurando involucrar ao movemento asociativo da contorna.

2.2. En Compostela os centros socioculturais son equipamentos públicos, de titularidade municipal ou asociativa, cun certo nivel de integración e polivalencia que actúan no ámbito da proximidade para a prestación de servizos persoais de calidade.

2.3. Os Centros Socioculturais de Compostela estrutúranse nunha rede de equipamentos cun concepto estratéxico definido no Anexo II que identifica e relaciona aos diferentes centros, favorecendo a actividade singular de cada un deles e, ao mesmo tempo, procurando que teña en conta a actividade dos outros de xeito que tamén haxa unha programación en Rede que sirva de complemento e reforzo á programación propia de cada Centro.

2.4. A intervención principal da Rede de Centros Socioculturais desenvólvese nos ámbitos profesionais da participación e a educación social, actuando a partir do deseño e desenvolvemento de servizos e proxectos nos marcos da acción sociocultural, a educación permanente, a alfabetización dixital e o desenvolvemento da acción sociocomunitaria.

2.5. A Rede de Centros Socioculturais ofrécese como un conxunto de equipamentos abertos, plurais e accesíbeis á cidadanía e ás súas expresións organizadas como medio para o desenvolvemento das relacións interpersoais, con fórmulas e propostas para a práctica dun lecer creativo e con recursos e oportunidades para fomentar a participación cidadá activa.

2.6. O modelo de xestión da Rede de Centros Socioculturais é maiormente de xestión directa, modelo que convive co de xestión compartida e xestión delegada no movemento asociativo.

## 3. LIÑAS PROGRAMÁTICAS EN QUE SE FUNDAMENTA O PROGRAMA MARCO

### 3.1. O Programa Marco e en concreto os proxectos e servizos que se formulen no ámbito da acción sociocultural terán que se orientar cara a:

a) Ofrecer os centros socioculturais á poboación en xeral como un recurso para o tempo libre, o desenvolvemento de actividades socioculturais e de lecer en condicións de calidade e con diversificación de oferta e de recursos.

b) Contribuír ao desenvolvemento sociocultural das persoas e colectivos, favorecendo a súa participación na realización de accións e produtos que estimulen a súa creatividade.

c) Fomentar a práctica do lecer creativo mediante unha oferta de calidade que chegue tanto ao conxunto da poboación como a determinados colectivos específicos.

d) Favorecer que os Centros emerxan e sirvan de lugar de encontro das manifestacións culturais que conviven na cidade.

e) Promover a dinamización cultural das zonas de influencia dos centros e por extensión do conxunto da cidade, a través de actividades, servizos e recursos socioculturais, facilitando e incorporando iniciativas coa colaboración de entidades e asociacións de cara a vertebrar e afortalar a identidade do territorio.

f) Prestar un servizo estábel á poboación, con propostas específicas de lecer para cada franxa de idade, pero que facilite a relación interxeracional así como con outras instancias culturais, educativas e sociais: centros de ensino, colectivos, asociacións......

g) Fomentar unhas relacións humanas plurais que favorezan a integración e a tolerancia entre as diferentes culturas.

### 3.2. O Programa Marco e en concreto os proxectos e servizos que se formulen no ámbito da educación permanente han de se orientar cara a:

a) Estimular o desexo das persoas pola aprendizaxe non formal, co gallo de favorecer o desenvolvemento da vida persoal, social e profesional.



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

b) Promover iniciativas de formación que dean resposta aos intereses particulares das persoas e que se adapten aos cambios sociais e ás esixencias da contorna.

c) Ofrecer recursos e crear as condicións óptimas para o lecer creativo.

**3.3. O Programa Marco e en concreto os proxectos e servizos que se formulen no ámbito do desenvolvemento da acción sociocomunitaria han de se orientar cara a:**

a) Potenciar e xerar dinámicas asociativas e a creación de novos núcleos asociativos formais ou non formais, favorecendo a coordinación co asociacionismo xa existente e asesorar e dar apoio ás iniciativas que xurdan do tecido social.

b) Potenciar a cooperación, a tolerancia e a solidariedade entre as persoas e entre os diferentes sectores do tecido social, fomentando accións que palíen calquera tipo de discriminación, favorecendo a existencia de espazos de relación e encontro que posibiliten a integración e participación de toda a cidadanía.

c) Fomentar a participación cidadá na programación e xestión das ofertas socioculturais que propoña a Rede de Centros Socioculturais, a través dos diferentes programas e servizos que ofreza e/ou acolla.

d) Garantir o correcto desenvolvemento da actividade social e da xestión asociativa propia das entidades e grupos residentes nos diferentes centros socioculturais, evitando a monopolización de espazos e recursos.

e) Fomentar o acceso da poboación en xeral á información existente, poñendo á súa disposición os recursos cos que contan os centros ou a propia Rede.

f) Levar a cabo unha prevención inespecífica das situacións de marxinación e de conflito persoal e dar resposta aos déficits a través doutros profesionais e equipamentos específicos.

## 4. OBRIGACIÓNS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

4.1. Prestar os servizos de dinamización sociocultural e comunitaria da Rede de Centros Socioculturais a nivel técnico e das tarefas derivadas deste servizo de acordo coa proposta formulada pola empresa e coas directrices do Concello de Santiago de Compostela. Neste sentido, a empresa adxudicataria:

a) Garantirá a correcta prestación do servizo de forma ininterrompida, garantindo a máxima estabilidade do equipo técnico que propón polo período de duración do contrato.

b) Respectará a representación exterior do centro, que corresponde ao Concello de Santiago de Compostela ou á entidade titular, tanto a efectos de relación con outras entidades ou persoas, como coa prensa ou calquera medio de difusión ou comunicación social.

c) Aplicará os protocolos de información á cidadanía que defina o Concello.

4.2. Propoñerá, executará e avaliará a programación de actividades, os proxectos que desenvolvan e ofrezan nos centros socioculturais, xa sexan de carácter estábel ou extraordinario, correspondéndolle a súa aprobación ao Concello de Santiago de Compostela. Neste sentido, a empresa adxudicataria:

a) Realizará o seguimento e avaliación das actividades aprobadas e presentará ao Concello de Santiago de Compostela a avaliación, informes e memorias que se lle soliciten durante a vixencia do contrato.

b) Deseñará, producirá e dará soporte loxístico e técnico ao programa de actividades que ofrecerá a Rede de Centros Socioculturais, de acordo coas determinacións establecidas polo Concello de Santiago.

c) Dará soporte loxístico e técnico ás entidades, asociacións, grupos e colectivos de Santiago, outorgándolle prioridade ás actuantes na contorna dos centros co obxectivo de promover e afortalar o movemento asociativo nos territorios de influencia dos centros socioculturais.

d) En relación coa organización da difusión e publicidade, a empresa adxudicataria fará as propostas de deseño, difusión e soportes das actividades estábeis da Rede así como da programación en Rede incorporando os logotipos oficiais do Concello e da Rede de Centros Socioculturais.

e) A empresa adxudicataria encargarse da realización da publicidade das actividades propias dos centros incorporando os logotipos oficiais do Concello e da Rede de Centros Socioculturais.

4.3. Achegar os recursos humanos necesarios e cualificados para executar os diferentes proxectos, servizos e actividades que se presten nos centros socioculturais con garantías de calidade suficientes, facéndose cargo da súa contratación para a correcta consecución da finalidade. Neste sentido a empresa adxudicataria:

a) Dispoñerá, ademais do equipo técnico mínimo imprescindíbel para a correcta execución do Programa Marco así como dos profesionais precisos para o seu desenvolvemento, correspondéndolle á empresa adxudicataria propoñer a organización interna necesaria para a súa coordinación e para garantir o bo funcionamento dos equipamentos, de xeito que permita planificar a todos os niveis e facer unha oferta de servizos socioculturais de calidade.

b) Desenvolverá os labores de animación e dinamización dos centros socioculturais nas horas en que estean abertos ao público e as horas destinadas ao traballo interno. Tamén se encargará de dar apoio, cos recursos dos que dispoña, a outros programas e proxectos municipais.

c) Coñecerá a realidade social e cultural da zona de influencia dos centros, conectará cos diferentes grupos e entidades do territorio e por extensión da cidade e velará pola súa vinculación á dinámica da Rede de Centros Socioculturais.

d) Asegurará mecanismos de participación da cidadanía no funcionamento xeral dos centros socioculturais. A estes efectos, colaborará na elaboración e actualización dun rexistro das entidades e colectivos da zona de influencia dos centros e fomentará a súa participación actividade.

e) Potenciará a colaboración e coordinación con e entre entidades e grupos coa finalidade de garantir a presenza e participación da cidadanía nas diferentes actividades que teñan lugar na zona de influencia dos centros.

f) Elaborará e executará periodicamente programas de actividades que recollan as iniciativas dos diferentes grupos e que respondan aos diferentes proxectos de intervención e ás prioridades establecidas polo Concello de Santiago de Compostela quen terá que estar informado puntualmente das actividades a desenvolver.

g) Realizará un plan de actividades e programas e presentará as memorias e balances que lle solicite o Concello de Santiago de Compostela.

h) Propoñerá os mecanismos de avaliación dos servizos, programas e actividades e asistirá e participará nas reunións que a efectos de coordinación e seguimento convoque o Concello de Santiago de Compostela.

i) Coñecerá os recursos e servizos municipais que se ofrecen á poboación ao obxecto de informar aos usuarios dos centros e á cidadanía en xeral.

j) Axeitará a ordenación do mobiliario e os materiais ás actividades, para favorecer un ambiente agradábel así como para prever, propoñer e adaptar para cada actividade os recursos necesarios.

k) Recollerá as achegas, opinións, queixas e suxestións dos usuarios relacionadas coa mellora do servizo.

l) Velará polo seguimento operativo orientado a manter o correcto estado das instalacións e hase encargar das notificacións ao Concello de Santiago das necesidades de reparación e mantemento así como de dispoñer de reservas e recambios de material técnico para as tarefas básicas de mantemento e reparacións e velar pola correcta utilización das instalacións e do material .

m) Aos efectos de desenvolver os programas de dinamización que propoña, colaborará na elaboración e actualización de bases de datos cos enderezos de correos e listas de distribución para realizar os envíos de correos, para a selección e distribución da correspondencia, para a elaboración de rexistros e resumes, para a realización das tarefas de arquivo, para a realización de documentos administrativos, para relacionarse coas empresas e para efectuar trámites de inscricións.

n) Coñecer e actuar de acordo co disposto na lexislación vixente no que atinxe ás propostas de programación e por extensión a toda a súa actividade profesional, nomeadamente a lexislación en materia de seguridade, dereitos de autor, protección de datos, etc.

4.4. O equipo técnico mínimo imprescindíbel para a dinamización sociocultural da Rede de Centros Socioculturais é o que se detalla no Anexo I. Neste sentido, teranse en conta os seguintes criterios:

a) O equipo técnico realizará as tarefas administrativas, técnicas e de xestión que se deriven da súa actuación propia.

b) A prestación do servizo estará suxeita ao horario de programación de actividades; de atención ao público; de apertura e peche dos centros; de prestación de servizos específicos como salas de lectura, aulas de xogo, aulas informáticas...

c) Os períodos de prestación do servizo estableceranse en función das necesidades propias dos centros e/ou dos programas que se desenvolvan.

4.5. Aos efectos de planificación xeral da dinamización social e comunitaria da Rede de Centros Socioculturais a empresa adxudicataria redactará e presentará ao Concello, nun prazo máximo dun mes a contar dende a data da adxudicación, o Programa Marco de Dinamización Sociocultural e Comunitaria definitivo que incluirá os outros catro documentos aos que se fai referencia na cláusula 1.3, Programa que terá que contar co visto e prace do Concello de Santiago de Compostela. Mentres estea en vigor o contrato, a empresa adxudicataria terá que presentar o citado Programa Marco do curso seguinte con anterioridade ao primeiro de maio de cada exercicio.

4.6. Aos efectos de seguimento e supervisión do correcto desenvolvemento do Programa Marco de Dinamización Sociocultural e Comunitaria aprobado polo Concello constituirase unha comisión integrada pola empresa adxudicataria e o Concello de Santiago de Compostela. Neste sentido, a empresa adxudicataria seguirá as directrices de funcionamento e programación que estableza o Concello de Santiago de Compostela.

4.7. Os horarios para a prestación de servizos (obradoiros, dinamización, aulas de xogo, aulas informáticas, espazos de lectura e estudo...) faranse constar no Programa Marco de Dinamización Sociocultural e Comunitaria e poderán ser modificados en función da programación concreta de cada centro. Calquera alteración dos horarios terá que contar coa preceptiva autorización do Concello de Santiago e facerse público previamente.

4.8. A empresa adxudicataria farase cargo dos gastos de materiais das actividades orzamentadas nas programacións que propoña, previamente aprobadas polo Concello de Santiago de Compostela.

*4.9.* A empresa adxudicataria realizará as xestións necesarias e as accións oportunas para informarse a fondo da dinámica de funcionamento que tivo até agora a Rede de Centros Socioculturais baseándose no documento *Definición da tipoloxía de Centros Socioculturais en función dos servizos municipais a prestar, de Centros cabeceira e organización territorial da Rede de Centros así como de criterios orientativos de superficies e espazos a ter en conta na construción de novos Centros atendendo á súa tipoloxía* que figura no Anexo II

## 5. OBRIGAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.1. O Concello de Santiago de Compostela dotará os centros socioculturais do equipamento e material necesario para o correcto desenvolvemento do obxecto do contrato, no marco das súas previsións orzamentarias. Todo este equipamento será de propiedade municipal.



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

5.2. O Concello de Santiago farase cargo, nos termos sinalados no anexo I dos gastos de apertura ao público dos centros socioculturais definidos como CSC1 así como dos gastos de limpeza e mantemento das instalacións da Rede de Centros, sempre no marco das súas previsións orzamentarias.

5.3. No marco das súas previsións orzamentarias, o Concello de Santiago farase cargo dos gastos de consumo (auga, luz, gas….) e subministración de material inventariábel preciso para obradoiros, necesario para o funcionamento da Rede de Centros Socioculturais.

## 6. INSTRUCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA MARCO

6.1. As empresas licitadoras elaborarán un Programa Marco de Dinamización Sociocultural e Comunitaria de carácter operativo, viábel na súa execución e axeitado aos recursos e á capacidade de xestión da empresa licitadora e estará expresamente pensado para responder aos obxectivos que a Rede de Centros Socioculturais formula actualmente na planificación e na execución de proxectos e servizos que ofrecen ao tempo que contemplará tamén a súa revisión constante para adecuarse aos cambios da contorna e aos posíbeis novos intereses da cidadanía.

6.2. O Programa Marco de Dinamización Sociocultural e Comunitaria contemplará a presentación de catro documentos, o Plan de Acción da Rede de Centros Cívicos e os tres proxectos marco indicados na Cláusula 1.3 e realizarase de acordo coas liñas programáticas que se expresan na Cláusula 3.

6.3. A redacción e presentación do programa marco seguirá a estrutura que se describe de seguido:

PROGRAMA MARCO PARA A DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E COMUNITARIA DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS MUNICIPAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

0. ÍNDICE

1. PLAN DE ACCIÓN DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS

*O Plan de Acción é o documento de referencia a medio prazo (dous anos, período 2009-2011) que describe a orientación da Rede de Centros Socioculturais Municipais e ten en conta os datos da contorna para unha lectura do territorio, a situación precedente á elaboración deste Plan, o modelo de centros socioculturais máis acaído á realidade local, o marco legal e normativo, a definición de Rede e de centro/local sociocultural, a misión, visión, funcións e obxectivos da Rede, as accións a desenvolver de acordo cos obxectivos específicos e a súa avaliación.*

O Plan de Acción presentado pola empresa adxudicataria na licitación terá exclusivamente carácter valorativo, tendo a consideración de proposta inicial para a redacción definitiva do Plan de Acción, que terá que entregar consonte o disposto na Cláusula 4.5.

2. PROXECTOS DE CENTRO DOS EQUIPAMENTOS DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS MUNICIPAIS

   *Este documento marco concrétase na redacción dos Proxectos de Centro para cada un dos centros relacionados no Anexo I.*

   *O Proxecto de Centro é o documento de referencia a medio prazo (dous anos, período 2009-2011) que de acordo co concepto de Rede de Centros Socioculturais Municipais, describe a misión, visión, as funcións e obxectivos xerais e específicos de cada centro e identifica os medios e recursos necesarios para conseguir os obxectivos establecidos, así como a descrición dos sistemas de xestión e avaliación que posibiliten valorar a idoneidade das súas bases de funcionamento.*

   Os Proxectos de Centro presentados pola empresa adxudicataria na licitación terá exclusivamente carácter valorativo, tendo a consideración de proposta inicial para a redacción definitiva do Plan de Acción, que terá que entregar consonte o disposto na Cláusula 4.5.

3. PROXECTO MARCO DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E COMUNITARIA DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

   *Este documento marco ten a súa concreción na redacción de proxectos técnicos orientados a garantir o correcto desenvolvemento dos diferentes programas, proxectos e actividades culturais do ámbito sociocultural e comunitario, que se promovan dende a Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais de Santiago de Compostela ou ben que propoña a empresa adxudicataria e estarán referidos ao curso 2009-2010.*

   Os proxectos técnicos que cómpre describir han facer referencia aos seguintes programas:

3.1. Programa de desenvolvemento cultural comunitario: descrición de proxectos viábeis na rede de centros socioculturais a libre proposta da empresa licitadora.

3.2. Programa de lecer creativo e formativo: descrición de proxectos viábeis na rede de centros socioculturais a libre proposta da empresa licitadora.

3.3. Programa de alfabetización dixital e de dinamización das aulas informáticas: descrición de proxectos viábeis na rede de centros socioculturais a libre proposta da empresa licitadora.

3.4. Programas de dinamización/animación á lectura das bibliotecas, salas de lectura e estudo: descrición de proxectos viábeis na rede de centros socioculturais a libre proposta da empresa licitadora

3.5. Programas de dinamización das e aulas/espazos de xogo: descrición de proxectos viábeis na rede de centros socioculturais a libre proposta da empresa licitadora

3.6. Programa de dinamización dos clubs da terceira idade, aulas xoves e espazos interxeracionais: descrición de proxectos viábeis na rede de centros socioculturais a libre proposta da empresa licitadora.

3.7. Programas de dinamización sociocultural en relación cos programas *Excursións da Rede de Centros, Proxeccións audiovisuais, Revelando Voces, Domingos en Familia, Vive o Verán*, así como doutros programas viábeis na rede de centros socioculturais a libre proposta da empresa licitadora.

3.8. Programa de dinamización do asociacionismo: proxectos de promoción e apoio asociativo, de cohesión social e de participación cidadá: descrición de proxectos viábeis na rede de centros socioculturais a libre proposta da empresa licitadora.

Os apartados mínimos que han recoller os proxectos técnicos son os seguintes:

a) Liñas programáticas ás que responde o programa.

b) Obxectivos xerais a conseguir.

c) Obxectivos específicos que se formulan.

d) Actividades a desenvolver e calendario de execución.

e) Indicadores: de xestión, de calidade e de resultado



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

f) Metodoloxía de intervención

g) Avaliación: control, seguimento e valoración dos indicadores

## 7. LINGUA VEHICULAR

Todos os documentos escritos que se deriven desta relación contractual entre o Concello de Santiago de Compostela e a empresa adxudicataria redactaranse en lingua galega, así como toda presenza pública (rótulos, indicadores, publicidade...) derivada dos servizos obxecto deste contrato.

A empresa adxudicataria poñerá á fronte dos servizos obxecto deste contrato persoal con competencia lingüística abonda para desenvolver todas as actividades en lingua galega, sen prexuízo do respecto aos dereitos lingüísticos individuais dos/as usuarios/as cando estes así os demanden.

# ANEXO I

## 1. OS SERVIZOS CENTRAIS DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS

- Servizo de nova creación que estará formado por técnicos municipais responsábeis dos Centros Cabeceira (Vite, As Fontiñas, Conxo, O Castiñeiriño, A Trisca e O Ensanche).

- As súas funcións son as seguintes:
  - Dirección técnica das funcións de animación-dinamización sociocultural da Rede, encargándose de:
    - Elaborar propostas de programas en Rede
    - Executar e coordinar os programas en Rede
    - Manter un contacto periódico e estábel cos colectivos da contorna nos Centros, nomeadamente dos centros cabeceira.
    - Deseñar mecanismos de avaliación para medir os graos de calidade na prestación dos servizos e de satisfacción dos usuarios.
    - Supervisar os traballos encargados á empresa.
    - Tramitar subvencións e xestionar novos programas/vías de financiamento.
    - Apoiar a programación e os traballos de dinamización que promova o movemento asociativo de xeito especial nos centros nos que comparta a xestión.
    - Divulgar o labor da Rede de Centros (área de comunicación).
  - Dirección técnica da xestión da Rede de Centros encargándose de:
    - Tramitación de expedientes
    - Contabilidade
    - Relación con provedores e empresas de servizo

- Adquisición e distribución de material funxíbel e inventariábel.
- Planificación e seguimento dos traballos de mantemento preventivo e correctivo.

## 2. OS SERVIZOS DE CARÁTER XERAL A PRESTAR POLA EMPRESA ADXUDICATARIA E AS FUNCIÓNS ESPECÍFICAS DO SEU PERSOAL

A empresa adxudicataria prestará os servizos sinalados na cláusula primeira, debendo manter un número suficiente de persoas, sen que se vulnere a normativa laboral vixente no tocante á súa contratación e ás súas retribucións.

### 2.1. Funcións dos servizos de apoio á xestión do programa de dinamización

a) SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN

- Tarefas de apoio á xestión do programa de dinamización proposto pola empresa adxudicataria así como outras funcións propias que se acorden entre a empresa adxudicataria e o Concello de Santiago de Compostela.
- O persoal deberá contar coa cualificación profesional necesaria para a prestación destes servizos e preferíbelmente deberá posuír a seguinte titulación: FP-II rama administrativa ou equivalente.

b) SERIVOS DE INFORMACIÓN AO PÚBLICO

- Tarefas consistentes en canalizar a información á cidadanía, realizar inscricións en actividades, acondicionamento de locais para actividades, controla de accesos ás instalacións en función da programación.
- O persoal deberá contar coa cualificación profesional necesaria para a prestación destes servizos e preferíbelmente deberá posuír a seguinte titulación: Graduado ESO ou equivalente.

### 2.2. Funcións de dinamización-animación e execución de actividades

a) COORDINACIÓN-DINAMIZACIÓN DOS ESPAZOS DE LECTURA DEPENDENTES DA REDE MUNICIPAL DE CENTROS SOCIOCULTURAIS

- Coordinación das actuacións referidas ao seu equipamento (control da dotación e reposición de mobiliario e soportes)
- Tratamento do fondo documental (control da dotación e catalogación, rexistro, préstamo, reposición).

- Coordinación e desenvolvemento de actividades de dinamización e promoción da lectura nos espazos integrados na rede sociocultural do Concello de Santiago.
